

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. En relación ao proceso de avaliación, segundo Trombly (1993):

- A) A avaliación realízase nun proceso abaixo–arriba, no que se parten das capacidades para despois continuar coa exploración da competencia ocupacional do usuario.
- B) A avaliación céntrase máis nos déficits que nas capacidades.
- C) A avaliación realízase nun proceso arriba–abaixo, comezando coa exploración da competencia ocupacional e seguindo co exame das capacidades relacionadas coas devanditas competencias.
- D) Non existe diferenza entre un proceso de avaliación arriba–abaixo e o proceso de avaliación abaixo–arriba.

2. Cal das seguintes patoloxías presentan afectación da motoneurona superior?

- A) Poliomielite.
- B) Esclerose Lateral Primaria.
- C) Parálise Bulbar progresiva.
- D) Atrofia muscular progresiva.

3. Sinale a resposta correcta respecto á lesión medular:

- A) Os pacientes con lesión medular non son propensos a padecer enfermidades cardiovasculares.
- B) Se a lesión prodúcese por baixo de D1–D4 adóitanse presentar cadros de hipertensión.
- C) A lesión medular por encima de D1 ocasiona unha resposta cronotrópica brusca ante un exercicio físico.
- D) As persoas con lesión medular por encima de D1 manifestan "disreflexia vexetativa".

4. Cal das seguintes situacións clínicas supón maior desequilibrio do paciente e por tanto é máis difícil de protetizar?

- A) Amputación do primeiro dedo do pé.
- B) Amputación de Lisfranc.
- C) Amputación de Chopart.
- D) Amputación dos dedos 3 ao 5.

5. Sinale o enunciado correcto sobre a investigación explicativa:

- A) Analiza e investiga aspectos da realidade aínda descoñecidos.
- B) Describe de maneira exhaustiva e completa unha porción de realidade ou fenómeno.
- C) Describe as causas dun fenómeno.
- D) Busca establecer a relación que existe entre dous fenómenos.

6. Dentro dos principais sistemas alternativos de comunicación empregados polas persoas sordo–cegas atópanse os sistemas alfabéticos. Indica cal NON é un deles:

- A) Sistema Dactilolóxico.
- B) Linguas de signos.
- C) Maiúsculas sobre a palma.
- D) O dedo como lapis.

7. Segundo Kielhofner o paradigma da terapia ocupacional consiste en tres elementos:

- A) Interpretacións centrais, puntos de vista focais e valores integrados.
- B) Ocupacional, mecanicista e contemporáneo.
- C) Biomecánico, mecanicista e práctico.
- D) Ningunha é correcta.

8. Entre os dispositivos da rede de saúde mental en Galicia, cando falamos de centros de hospitalización parcial coa misión de desenvolver funcións intermedias entre as unidades de saúde mental e as unidades de hospitalización con carácter asistencial terapéutico, estamos a falar de:

- A) Centro de día.
- B) Hospital de día.
- C) Unidade de interconsulta.
- D) Continuidade de coidados.

9. Nos modelos de ocio terapéutico hai catro conceptos intimamente relacionados como son a motivación intrínseca, o locus de control interno, a causalidade persoal e o fluxo. En relación a este último concepto, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) A Teoría do Fluxo foi definida por Csikszentmihalyi.
- B) Para alcanzar un nivel de fluxo é preciso que o nivel de destreza e o reto da actividade sexan similares.
- C) Cando o nivel de destreza é alto e o reto da actividade é baixo, é probable que a persoa se sinta aborrecida.
- D) Cando o nivel de destreza é alto e o reto da actividade é alto, é probable que a persoa se sinta ansiosa.

10. Autoconceito, percepción, potencial de autorrealización e autoimaxe son termos vinculados ao:

- A) Marco de referencia teórico psicoanalítico.
- B) Marco de referencia teórico do neurodesenvolvemento.
- C) Marco de referencia teórico humanista.
- D) Marco de referencia teórico cognitivo-conductual.

11. A entrevista histórica do desempeño ocupacional OPHI-II NON inclúe:

- A) Unha entrevista semiestruturada.
- B) Tres escalas de puntuación que proporcionan unha medida da identidade ocupacional, a competencia ocupacional e o impacto dos ambientes ocupacionais.
- C) Unha narrativa de historia de vida que caracteriza o relato ocupacional.
- D) Unha autoavaliación do desempeño.

12. Cal é o síntoma máis común en doentes con cancro?

- A) Disfunción cognitiva
- B) Alteración do control motor
- C) Astenia
- D) Pérdida de mobilidade.

13. Indica cal dos seguintes NON é un principio de bioética:

- A) Beneficencia.
- B) Economía.
- C) Xustiza.
- D) Autonomía.

14. Sinala a definición correcta de epidemioloxía:

- A) A epidemioloxía é a ciencia que estuda e analiza cientificamente ás persoas, o seu comportamento e a relación cos outros individuos.
- B) A epidemioloxía é a ciencia que estuda a distribución, frecuencia, magnitude e factores determinantes das enfermidades existentes en poboacións humanas concretas.
- C) A epidemioloxía é a ciencia que estuda e explica os distintos recursos sociosanitarios nunha sociedade concreta.
- D) A epidemioloxía é a ciencia que desenvolve e implementa programas que favorezan o benestar das persoas, baseándose en políticas e servizos sociais das comunidades.

15. Cal das seguintes afirmacións sobre as pirámides de poboación tipo “hucha” ou “bulbo” é correcta?

- A) É característica de países subdesenvolvidos.
- B) Relaciónase cunha alta natalidade e alta mortalidade.
- C) É característica de países nos que a natalidade e a mortalidade son baixas.
- D) A súa forma é ancha na base e moi estreita na cúspide.

16. Unha persoa que presenta unha lesión medular completa a nivel C6:

- A) Mantén inervado o flexor radial do carpo.
- B) Non pode conducir un vehículo adaptado.
- C) É incapaz de voltear e sentar na cama.
- D) É independente no manexo dunha cadeira de rodas manual adaptada.

17. O Mini-exame cognoscitivo de Lobo e colaboradores (MEC) é un test que se utiliza para detectar e avaliar trastornos cognitivos. Que áreas cognitivas explora?:

- A) Atención, orientación, memoria, cálculo e linguaxe.
- B) Orientación, fixación, concentración e cálculo, memoria, linguaxe e construción.
- C) Orientación, atención, memoria, concentración, cálculo e construción.
- D) Orientación, fixación, memoria, cálculo e linguaxe.

18. Quen foi unha persoa clave para iniciar o desenvolvemento da Terapia Ocupacional en España?

- A) Heliodoro Ruiz.
- B) Mercedes Abella.
- C) Hermann Simon.
- D) Philippe Pinel.

19. Sinale o enunciado correcto relacionado cos accidentes cerebrovasculares:

- A) Non teñen factores de risco que se poidan previr con cambios de hábitos e rutinas desde a terapia ocupacional.
- B) A súa incidencia está relacionada con factores modificables como a hipertensión arterial, o sedentarismo e o tabaquismo.
- C) As intervencións desde terapia ocupacional en persoas con accidentes cerebrovasculares non deben incluír programas de prevención secundaria.
- D) As intervencións desde terapia ocupacional céntranse soamente na recuperación das habilidades motoras afectadas.

20. Sinale o enunciado correcto relacionado coa terapia ocupacional e a substitución protésica:

- A) O obxectivo principal da terapia ocupacional é a recuperación estética e a imaxe corporal da persoa.
- B) O obxectivo principal da substitución protésica mediante un mecanismo mecánico ou eléctrico é a recuperación da función.
- C) O obxectivo principal da terapia ocupacional na fase pre-protésica é adestrar no manexo da prótese.
- D) O obxectivo principal da terapia ocupacional na fase protésica é preparar o coto.

21. Indica que definición é a correcta para explicar que son as actividades da vida diaria dende Terapia Ocupacional:

- A) As actividades da vida diaria son actividades lúdicas intrinsecamente motivadas.
- B) As actividades da vida diaria son actividades produtivas cuxos beneficios poden ser económicos.
- C) As actividades da vida diaria son actividades orientadas ao cuidado do propio corpo e realizadas de forma rutineira.
- D) As actividades da vida diaria son actividades orientadas á aprendizaxe e participación no contorno educativo.

22. Indique o enunciado correcto en relación á esquizofrenia :

- A) No prognóstico a longo prazo da esquizofrenia, non é relevante o diagnóstico e tratamento precoz.
- B) A esquizofrenia non comprende síntomas cognitivos, soamente síntomas positivos e negativos.
- C) Os delirios e alucinacións son síntomas negativos na esquizofrenia.
- D) A anhedonia e o aplanamento afectivo son síntomas negativos na esquizofrenia.

23. Sinale o enunciado correcto sobre a patoloxía dual:

- A) Chámase patoloxía dual á existencia simultánea do trastorno mental e do trastorno sensorial.
- B) Chámase patoloxía dual á existencia simultánea do trastorno mental e da adicción con ou sen substancia.
- C) A patoloxía dual comprende trastornos mentais e adicións, só se as adicións o son a substancias.
- D) Chámase patoloxía dual ao trastorno da conduta alimentaria xunto con síntomas de trastorno límite da personalidade.

24. Desde o enfoque da restauración da saúde en Terapia Ocupacional, cara a onde están dirixidos os obxectivos que propón o terapeuta?

- A) Destrezas de execución e patróns de desempeño.
- B) Funcións corporais e estruturas corporais.
- C) Contornas e contextos.
- D) Destrezas de execución, patróns de execución e características do cliente.

25. Na primeira fase do programa de rehabilitación cardio-respiratorio, que tipo de estratexia NON se ten en conta:

- A) Traballo equilibrado co repouso e actividades recreativas.
- B) Uso de técnicas para o control do estrés.
- C) Emprego de métodos para a conservación da enerxía.
- D) Adestramento nos membros inferiores e exercicios resistidos de membros superiores.

26. Que é o Accent800?

- A) Un sistema de control de contorna.
- B) Un modelo de cadeira de rodas eléctrica.
- C) Un robot de rehabilitación.
- D) Un dispositivo de comunicación aumentativa e alternativa.

27. Os centros especiais de emprego:

- A) Son empresas cuxo obxectivo principal é o de proporcionar aos traballadores con discapacidade a realización dun traballo produtivo e remunerado.
- B) Son empresas cuxo obxectivo principal é o de proporcionar aos traballadores con discapacidade a realización dun traballo produtivo de carácter voluntario, ao mesmo tempo que ofrecen servizos de rehabilitación.
- C) Son equipos multiprofesionais que se desprazan ás empresas para a valoración e adaptación de postos de traballo.
- D) É un servizo de apoio con discapacidade, que presta atención a todas as áreas de ocupación dos seus usuarios, estruturando unha rutina diaria coa que se atopen satisfeitos.

28. Segundo A. Durán, entre as principais vantaxes do traballo en equipo atópase:

- A) Menor flexibilidade.
- B) Reducir a creatividade e a innovación.
- C) Menor seguridade grazas ao apoio do equipo.
- D) Coñecemento compartido.

29. Que se busca ao colocar a man na posición intrínseca plus?

- A) Que o pulso se leve a extensión para aproveitar o efecto tenodese.
- B) A flexión das articulacións metacarpofalánxicas e interfalánxicas.
- C) Manter as articulacións metacarpofalánxicas flexionadas e as interfalánxicas estendidas.
- D) Manter as metacarpofalánxicas en extensión e desta forma mellorar a flexión das interfalánxicas.

30. Sinale o enunciado correcto relacionado coa normativa referida aos produtos de apoio á mobilidade e transporte:

- A) As cadeiras de rodas motorizadas catalóganse como produtos de apoio ás transferencias e traslados.
- B) Os guindastres de transferencias catalóganse como produtos de apoio aos desprazamentos.
- C) Os andadores catalóganse como produtos de apoio aos desprazamentos.
- D) As cadeiras de rodas manuais catalóganse como produtos de apoio a transferencias e traslados.

31. Nun paciente con parálise cerebral infantil no que o ton muscular presenta fluctuacións, clasificarémolo como:

- A) Atetónico.
- B) Hipotónico.
- C) Espástico.
- D) Dipléxico.

32. Sinale o enunciado correcto relacionado cos accidentes cerebrovasculares:

- A) As intervencións desde terapia ocupacional comezan tras a fase aguda, cando a persoa é dada de alta hospitalaria.
- B) As intervencións na fase aguda, desde terapia ocupacional, céntranse principalmente na recuperación das actividades produtivas.
- C) As intervencións na fase intermedia da recuperación céntranse na estimulación sensorial, tras a avaliación do estado de conciencia e da resposta a estímulos.
- D) As intervencións desde terapia ocupacional deben incluír o adestramento en técnicas específicas á familia ou aos cuidadores do paciente.

33. Sinala o enunciado correcto relacionado co equipo interdisciplinario:

- A) O equipo interdisciplinario elabora os seus plans de intervención mediante a colaboración e cooperación entre disciplinas, a través de frecuentes reunións formais e informais.
- B) O equipo interdisciplinario elabora plans de intervención independentes para cada disciplina, cuxos obxectivos terapéuticos non son acordados nin compartidos.
- C) O equipo interdisciplinario ten como fin principal organizar as axendas e horarios de cada disciplina.
- D) O equipo interdisciplinario estrutúrase de forma xerárquica e reúnese para comunicar aos demais membros decisións tomadas previo consenso.

34. En relación aos Indicadores Clave do Sistema Nacional de Saúde (INCLASNS), sinala a resposta correcta:

- A) Son un conxunto priorizado de información que abarca os aspectos considerados máis relevantes da saúde e do sistema sanitario.
- B) O seu desenvolvemento realízase en colaboración coas Comunidades Autónomas a través da Subcomisión de Sistemas de Información do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Recolle unha selección dos 50 indicadores esenciais de saúde.
- D) Todas son correctas.

35. Sinala o enunciado correcto en relación á planificación dos servizos sanitarios:

- A) A planificación de servizos sanitarios é un procedemento estático que estuda os problemas da saúde.
- B) A planificación de servizos sanitarios implica a análise de factores externos e internos do sistema sanitario.
- C) A planificación de servizos sanitarios diríxese exclusivamente ao ámbito internacional.
- D) A planificación de servizos sanitarios non pode ter en consideración os problemas da saúde, nin os recursos sanitarios existentes.

36. O protocolo POP fai referencia a:

- A) Linguaxe empregada para traballar cunha base de datos.
- B) Un tipo de intranet.
- C) Un servidor DNS.
- D) Un correo electrónico.

37. Sinale o enunciado correcto relacionado coas distrofias musculares:

- A) A distrofia muscular de Duchenne afecta a máis nenas que a nenos.
- B) A distrofia muscular de Becker ten mellor prognóstico que a distrofia de Duchenne.
- C) A distrofia muscular de Emery–Dreifuss é a máis frecuente das distrofias musculares.
- D) A distrofia muscular de Duchenne ten mellor prognóstico que a de Becker.

38. O avellentamento pódese dividir en:

- A) Primario, secundario e terciario.
- B) Primario, secundario, terciario e adicional.
- C) Xenético, biolóxico e neurobiolóxico.
- D) Fisiolóxico, patolóxico e iatroxénico.

39. Sinale o enunciado correcto relacionado cos marcos de referencia primarios:

- A) O marco de referencia primario fisiolóxico fundamenta a práctica centrada na persoa.
- B) O marco de referencia primario psicolóxico inclúe teorías biomecánicas sobre o funcionamento do ser humano.
- C) O marco de referencia primario fisiolóxico fundaméntase nas teorías da psicanálise de Freud.
- D) O marco de referencia primario humanista inclúe as teorías de Maslow e Rogers.

40. A rehabilitación da fractura de cadeira segundo López Lozano y colaboradores (2001):

- A) Ten unha fase de sedestación e fase de marcha, que se iniciará ao segundo ou terceiro día da intervención se non hai complicacións.
- B) Consta de fase de encamamento, fase de sedestación y fase de bipedestación e marcha.
- C) A intervención de Terapia Ocupacional céntrase na fase de encamamento levando a cabo medidas posturais e hixiénicas.
- D) A intervención de Terapia Ocupacional ten lugar aos 10 días da intervención cirúrxica, co adestramento das actividades da vida diaria.

41. "Aparellos que son empregados por persoas con discapacidade temporal ou permanente, que lles serven para ter un maior grao de independencia nas actividades da vida diaria", es unha definición de:

- A) Axudas técnicas.
- B) Axudas ergonómicas.
- C) Próteses.
- D) Órteses.

42. Segundo a Lei 16/2003 de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, defínense as guías de práctica clínica e as de práctica asistencial como:

- A) Elementos estatísticos que permitirán comparar a calidade de diversos centros e servizos sanitarios de forma homologada, axustada ao risco e fiable.
- B) Descricións dos procesos polos cales se diagnostica, trata ou coida un problema de saúde.
- C) Información sobre aquelas prácticas que ofrezan unha innovación ou unha forma de prestar un servizo mellor á actual.
- D) Información sobre aquelas prácticas que resultasen un problema potencial de seguridade para o paciente.

43. Sinale o enunciado correcto relacionado coa terapia ocupacional e a substitución protésica:

- A) As próteses pasivas do membro superior clasifícanse en mecánicas e mioeléctricas.
- B) As próteses pasivas teñen como finalidade principal restaurar a función do membro.
- C) As próteses activas do membro superior teñen como finalidade principal realizar pinzas funcionais.
- D) As próteses mecánicas do membro superior clasifícanse en estéticas e pasivas.

44. Sinala a resposta correcta en relación aos conceptos de ocupación, actividade e tarefa:

- A) Segundo Mosey a ocupación son os procesos de desfacer, dirixidos cara un resultado inicial planeado.
- B) A ocupación é unha acción produtiva desorganizada que se realiza só de maneira física.
- C) A actividade é unha acción produtiva ordenada.
- D) A actividade é o conxunto de accións combinadas que, por separado, conforman unha ocupación.

45. Nunha fase temperá da artrose palmar, adoita aparecer:

- A) Rixidez matutina.
- B) Imposibilidade de estender totalmente os dedos.
- C) Dor desde o antebrazo á axila.
- D) Ningunha é correcta.

46. En relación á Esclerose lateral amiotrófica, sinala a afirmación correcta:

- A) Afecta únicamente á motoneurona superior.
- B) A presenza de atrofia e hiperreflexia son síntomas frecuentes na exploración física.
- C) A presenza de fasciculacións e alteracións sensitivas son características unicamente en lesións de motoneurona inferior.
- D) A debilidade focal con dor e síntomas sensitivos aparecen con frecuencia en pacientes con ELA.

47. Que é o Tobii?

- A) Un sistema de control de computador a través do movemento ocular.
- B) Un sistema de comunicación alternativa.
- C) Un sistema de comunicación aumentativa.
- D) Un conmutador activado mediante sopridos.

48. Segundo Elizabeth Blesedell, existen varios tipos de análises da ocupación e a actividade:

- A) Análise da actividade.
- B) Análise da actividade centrada na teoría.
- C) Análise da actividade baseada na ocupación.
- D) Todas son correctas.

49. Que organismo é competente para conceder o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria? Sinala a resposta correcta:

- A) O Instituto Nacional de Dereitos Sociais.
- B) O Instituto Nacional da Seguridade Social.
- C) O Instituto de Maiores e Servizos Sociais.
- D) O Servizo Galego de Saúde.

50. No que respecta á unidade de medida do índice metabólico (MET), sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Os valores de METs das actividades poden variar en función da temperatura e as condicións persoais.
- B) Cando dicimos que unha persoa está facendo unha actividade de 5 METs, significa que está realizando unha intensidade 5 veces maior que en repouso.
- C) Un MET ten un valor de 2,5 ml de Osíxeno por quilogramo de peso por minuto.
- D) Un MET equivale á medida metabólica basal.

Preguntas de reserva

51. O Modelo de Funcionamiento Ocupacional de Trombly, divide os roles en tres grupos. Sinala a INCORRECTA:

- A) Roles de automantemento.
- B) Roles de promoción e progreso persoal.
- C) Roles produtivos.
- D) Roles de realización persoal.

52. Respecto ao instrumento de avaliación "Perfil de intereses do neno" do Modelo da ocupación humana, sinale a resposta correcta:

- A) No perfil dos intereses de lecer do adolescente, o mozo responde a cinco preguntas con respecto a cada un dos 83 ítems de actividades.
- B) Está baseado no enfoque "Down-top" da avaliación centrada na ocupación.
- C) No Perfil do xogo do neno (6-9 anos), o neno responde a cinco preguntas con respecto a cada un dos 50 ítems de actividades.
- D) No Perfil do xogo do neno (9-12 anos), o neno responde a tres preguntas con respecto a cada un dos 59 ítems das actividades.

53. Un paciente con Esclerose Lateral Amiotrófica en estadio clínico-funcional 3:

- A) É un paciente ambulatorio e independente, pero con debilidade moderada.
- B) É un paciente ambulatorio e independente, pero presenta debilidade grave en grupos musculares concretos.
- C) É un paciente non ambulatorio, pero mantén a independencia para as actividades básicas da vida diaria.
- D) É un paciente non ambulatorio e totalmente dependente para as actividades básicas da vida diaria.

54. Que é a síndrome da poscaída?:

- A) Son as consecuencias, a curto e longo prazo, non derivadas directamente das lesións físicas producidas no momento da caída.
- B) As consecuencias, a curto e longo prazo, derivadas directamente das lesións físicas.
- C) As consecuencias socioeconómicas das caídas.
- D) Non existe este termo.

55. Dentro dos diagnósticos clínicos máis frecuentes en Terapia Ocupacional podemos atopar a espiña bífida, que a englobariamos como:

- A) Trastornos do desenrolo.
- B) Trastornos neuromusculares.
- C) Trastornos psicolóxicos.
- D) Trastornos musculoesqueléticos.

56. Na fase 1 do programa de rehabilitación cardíaca, sinala que actividades NON se poden programar:

- A) Traslados cadeira de brazos-cama.
- B) Actividade da vida diaria segundo tolerancia e resposta fisiolóxica.
- C) Actividades significativas para o paciente que requiran entre 2 e 3 METS.
- D) Exercicios respiratorios e exercicios de arco de movemento pasivo.

57. Que indicador utilizarías nun informe para facer referencia á cantidade de pacientes con fractura de pulso tratados en relación ao total de pacientes atendidos?

- A) Calcularía unha taxa bruta.
- B) Utilizaría o índice de Fritz.
- C) Calcularía o índice de relación de dependencia.
- D) Calcularía unha taxa específica.

58. En relación ao traballo do control motor, indica cal das seguintes afirmacións debes ter en conta á hora de planificar a túa intervención:

- A) O movemento xorde da interacción de sistemas motores, sensoriais, cognitivos e perceptivos.
- B) O sistema nervioso central é parte dun sistema complexo responsable dun movemento experto. Se outras partes do sistema cambian, xorden patróns de movemento diferentes.
- C) Os requisitos referidos a tarefas e factores ambientais afectan á organización neural do movemento.
- D) Todas as opcións son correctas.

59. No seu centro de traballo están a realizar unha avaliación das dimensións de calidade. En relación á calidade percibida na intervención da Terapia Ocupacional no servizo de Rehabilitación, sinala a resposta correcta:

- A) Valora os elementos de acción indirecta que inflúen nas posibilidades de mellora do estado de saúde.
- B) Valoración que fai o usuario dos servizos sanitarios recibidos.
- C) Valora en que medida a atención sanitaria mellora o estado de saúde.
- D) Ningunha é correcta.

60. Estás a deseñar un plan de intervención baseado nun enfoque de promoción da saúde, cal sería un exemplo deste tipo de estratexias seguindo o Marco de traballo para a práctica da Terapia Ocupacional?

- A) Deseñar un programa de forza e flexibilidade para adultos maiores.
- B) Restaurar e establecer o equilibrio en bipedestación nun adulto maior tras unha caída no xardín.
- C) Establecer patróns de execución ocupacional para manter un estilo de vida activo e saudable nos centros de maiores.
- D) Todas son correctas.

61. Señala o enunciado correcto en relación ao equipo interdisciplinario:

- A) O terapeuta ocupacional participa nas reunións interdisciplinarias co único fin de informar de resultados ou logros acadados polos pacientes.
- B) O terapeuta ocupacional colabora na planificación da intervención e no establecemento de obxectivos comúns, de forma consensuada dentro do equipo interdisciplinario.
- C) O terapeuta ocupacional participa nas reunións de equipo interdisciplinario co obxectivo principal de facilitar a xestión de axendas e horarios entre diferentes disciplinas.
- D) O terapeuta ocupacional participa nas reunións de equipo interdisciplinario soamente se ten que notificar unha alta terapéutica.

62. O noso paciente ten un movemento activo de flexión do ombreiro e abducción a 90° con flexión parcial do cóbado e supinación, polo que trátase dunha lesión a nivel medular:

- A) C4.
- B) C2.
- C) C5.
- D) C3.

63. No plan terapéutico cun neno con parálise cerebral infantil desde Terapia Ocupacional, traballarase:

- A) A comunicación do neno.
- B) A relación con outro e o xogo.
- C) As capacidades psicomotoras.
- D) Todas son correctas.

64. Xaime é derivado ao servizo de Rehabilitación ao sufrir unha amputación cirúxica supracondílea e atópase en fase de protetización. Neste caso, prescribíuselle unha prótese mioelétrica. As desventaxes deste tipo de prótese son:

- A) Maior peso, alto custo e risco de deterioración.
- B) Son menos agradables esteticamente.
- C) Só traballan o equilibrio postural e a imaxe corporal perdida.
- D) Non teñen ningún tipo de desventaxe.

65. Indique o enunciado correcto relacionado cos ictus e a súa presentación clínica:

- A) Os ictus cerebelosos soen cursar con afectación da coordinación fina, con ataxia e dismetría.
- B) Os ictus que afectan ao lóbulo frontal poden cursar cunha afasia de Wernicke.
- C) Os ictus que afectan ao lóbulo temporal poden cursar con afasia de Broca.
- D) Os ictus que afectan a grande parte do tronco cerebral teñen sempre moi bo pronóstico.

66. Para tratar a rizartrose do noso paciente debemos:

- A) Relaxar a articulación cunha férula dinámica durante a noite.
- B) Relaxar a articulación eventualmente cunha férula estática durante o día, segundo a dor.
- C) A e B son certas.
- D) Ningunha é correcta.

67. Se nun estudo de investigación queremos empregar un método ou técnica de tipo cuantitativo, elixiríamos:

- A) Un test proxectivo.
- B) Unha entrevista grupal.
- C) Un método de observación participativa.
- D) Unha análise de datos con mostra aleatoria.

68. Queremos valorar as habilidades de interacción social de Xurxo, ingresado na unidade de coidados de rehabilitación do hospital no que traballas. Imos observar o seu desempeño a través dunha saída de lecer con outros compañeiros. Seguindo o Modelo da Ocupación Humana, que instrumento de avaliación utilizarías?

- A) Avaliación das habilidades motoras e de procesamento (AMPS).
- B) Avaliación das circunstancias ocupacionais (OCAIRS).
- C) Avaliación das habilidades de comunicación e interacción (ACIS).
- D) Avaliación do funcionamento ocupacional (AOF).

69. Queremos adaptar a ducha poñendo unha barra de apoio para o noso paciente, polo que teremos en conta:

- A) As billas deben estar instaladas detrás da posición habitual do usuario.
- B) A distancia entre o tronco da persoa e as billas non será superior a 65 cm.
- C) A barra colocárase a unha altura entre 30 e 65 cm.
- D) Ningunha é correcta.

70. Á hora de recomendar un sistema de comunicación aumentativa e alternativa, imos utilizar a clave Fitzgerald para codificar por cores as categorías semánticas. Sinala a INCORRECTA:

- A) Persoas en amarelo.
- B) Verbos en azul.
- C) Obxectos en laranxa.
- D) Termos sociais en rosa.

71. Con que finalidade usarías o Nine-Hole Peg Test (9HPT)?

- A) Para avaliar a capacidade perceptiva do usuario durante as actividades da vida diaria.
- B) Para coñecer o grao de desempeño do paciente nas 9 actividades básicas e instrumentais da vida diaria máis importantes.
- C) Para valorar a destreza manipulativa do paciente.
- D) Para avaliar os 9 compoñentes cognitivos implicados no desempeño ocupacional.

72. Ao realizar a nosa entrevista como terapeuta ocupacional teremos en conta que:

- A) Intervirán elementos non verbais e serán pouco relevantes.
- B) O despacho é o mellor lugar para realizar a entrevista.
- C) A entrevista debe ser guiada sen poder modificar o desenvolvemento da mesma.
- D) Poderán ocorrer efectos de transferencia e contratransferencia durante a súa realización.

73. Nunha intervención psicoeducativa queremos explicarlle á familia en que consiste a falta de vontade ou enerxía para facer algo ou moverse que presenta o paciente, referímonos a:

- A) Abulia.
- B) Apraxia.
- C) Acatisia.
- D) Afasia.

74. Sinale o enunciado correcto relacionado coa recuperación funcional dun paciente que sufriu un ictus:

- A) A capacidade de recuperación das habilidades motoras do membro superior afectado está determinada polas compensacións do contorno.
- B) O terapeuta ocupacional interven exclusivamente na fase final da recuperación para adaptar o contorno e compensar as secuelas motoras.
- C) A funcionalidade da man afectada está relacionada coa sensibilidade propioceptiva e coas habilidades visoperceptivas entre outras.
- D) A familia ou cuidadores do paciente teñen un rol improdutivo durante o proceso de rehabilitación.

75. José, de 95 anos e diagnosticado de alzheimer, obtén unha puntuación de 10 puntos no índice de Barthel. Isto significa que:

- A) Necesita apoio dunha terceira persoa para a realización das actividades básicas da vida diaria.
- B) Conta cun elevado grao de independencia.
- C) Poderá realizar de forma independente polo menos 4 actividades da vida diaria.
- D) Atópase na etapa II da enfermidade de alzheimer.

76. Alex presenta unha lesión medular a nivel C6 e acode a terapia ocupacional para mellorar a súa autonomía persoal. Poderíase expor a realización dunha férula de tenodese para:

- A) Acurtar os tendóns flexores dos dedos e facilitar un agarre máis firme.
- B) Soportar a man e o antebrazo para manter a aliñación das articulacións e o aspecto estético da man.
- C) Soportar o pulso en extensión contra a gravidade.
- D) Manter a separación entre os dedos e previr a hiperextensión da articulación metacarpofalánxica.

77. Un paciente con patoloxía cronicada e na que predominan os síntomas de tipo residual, e por tanto requiren tratamentos máis enfocados á rehabilitación social, sería un candidato a que dispositivo:

- A) Hospital de día.
- B) Centro de día.
- C) Continuidade de cuidados.
- D) Unidade de hospitalización de agudos.

78. Manuel ten dificultades para ordenar de maneira correcta unha serie de movementos ou accións que conducen a un obxectivo, que tipo de dificultade ten?:

- A) Apraxia ideatoria.
- B) Apraxia ideomotora.
- C) Prosopagnosia.
- D) Apraxia construtiva.

79. Paciente de 50 anos con lesión medular nivel C4. Que elementos se incluírían como parte dun sistema de control da contorna?

- A) Cama, portas e fiestras.
- B) Televisión, vídeo, radio.
- C) Luces, teléfono, porteiro automático.
- D) Todas as opcións son correctas.

80. Realizas unha intervención educativa cun grupo de pacientes. O teu obxectivo é previr a perda e/ou a diminución no desempeño ocupacional acadado durante as sesións de terapia ocupacional, unha vez que reciben a alta dos teus servizos. Que tipo de estudo debes realizar para medir a eficacia de tal intervención educativa tras un ano dende a alta?

- A) Un estudo cuasiexperimental.
- B) Un estudo observacional descritivo.
- C) Un estudo de caso clínico.
- D) Un ensaio clínico dobre cego.

81. Na nosa investigación concluímos que "os tratamentos son beneficiosos", "X é un tratamento"; por tanto, "X é beneficioso". Estamos a utilizar un método:

- A) Hipotético-deductivo.
- B) Deductivo indirecto.
- C) Inductivo.
- D) Ningunha é correcta.

82. Que atallo de teclado usarías en Libre Office para pegar un fragmento de texto?

- A) CTRL + C.
- B) CTRL + X.
- C) CTRL + P.
- D) CTRL + V.

83. Dentro do Programa de rehabilitación cardio-respiratoria, cando o/a paciente deba enfrontarse á reincorporación laboral e o seu nivel funcional sexa inferior ao requirimento das súas tarefas laborais, exporáselle:

- A) A adaptación do posto de traballo.
- B) Asesorarse e explorarán novas actividades laborais significativas.
- C) Non é un obxectivo a traballar, xa que o paciente con patoloxía cardio-respiratoria non se reincorpora á vida laboral.
- D) A e B son correctas.

84. Queremos tratar os nódulos de Bouchard do noso paciente, que sería o correcto?:

- A) Cando sinta rixidez, estender os dedos de forma progresiva durante curtos períodos de tempo.
- B) Colocar unha vendaxe compresiva co dedo en extensión.
- C) Poñer unha férula "en ollal" de protección (65° de extensión), cando o paciente non sinta dor.
- D) Realizar un tratamento prolongado para evitar que a articulación quede totalmente ríxida.

85. Manuel é un home de 56 anos diagnosticado de Esclerose Lateral Amiotrófica en estadio clínico-funcional 6. Será un obxectivo de terapia ocupacional:

- A) Adestrar a realización de transferencias.
- B) Incidir na calidade de movemento.
- C) Valorar un sistema de sedestación e posicionamento adecuado ás súas necesidades.
- D) Gañar forza muscular.

86. Á hora de elixir un asento para un neno con espiña bífida, teremos en conta o seguinte obxectivo, sinala a correcta:

- A) Aumentar a tensión sobre os tecidos brandos.
- B) Reducir o control motor distal.
- C) Reducir a posibilidade para deformidades.
- D) Ningunha é correcta.

87. Bartolo atópase recuperándose dun traumatismo craneocencefálico, cun elevado grao de espasticidade no membro superior dereito, polo que o médico realiza a prescrición dunha férula de repouso. Segundo Malick (1980), a mellor opción será:

- A) O pulso está en 20–30 graos de extensión, o polgar en abdución e oposición. O arco transversal a nivel das cabezas metacarpais ten aumentada a súa curvatura e a flexión dos dedos é aproximadamente de 30° nas articulacións metacarpofalánxicas e de 45° nas interfalánxicas.
- B) Pulso en lixeira extensión (10 a 20°), o polgar en oposición parcial cara adiante e as articulacións interfalánxicas e metacarpofalánxicas distal e proximal están lixeiramente flexionadas.
- C) Pulso en lixeira flexión (20°), o polgar en adución e oposición parcial e as articulacións interfalánxicas e metacarpofalánxicas distal e proximal en extensión.
- D) Pulso en extensión de máis de 30°, o polgar en oposición parcial e as articulacións interfalánxicas e metacarpofalánxicas distal e proximal en flexión completa.

88. Cando o noso paciente, no intercambio de información, modula, referímonos a que:

- A) Usa volume e inflexión ao falar.
- B) Ofrece información fáctica ou persoal.
- C) Mostra afecto e actividade.
- D) Mantén a palabra durante o tempo apropiado.

89. Pepe é un home de 65 anos que sufriu un ictus. Na abordaxe rehabilitadora, segundo o marco de referencia teórico do neurodesenvolvemento debes ter en conta que:

- A) Para recuperar unha mobilidade normal non é necesario que o individuo experimente a sensación de movemento normal.
- B) O control motor inclúe a presenza de reflexos, reaccións posturais, sinerxias motoras e patróns de movemento.
- C) As lesións do sistema nervioso periférico producen fenómenos de liberación de reflexos e sinerxias.
- D) A recuperación dunha mobilidade normal pasa pola realización de movementos illados.

90. Lola é unha muller con Esclerose Múltiple que acode a terapia ocupacional tras un empeoramento da enfermidade, sendo a súa principal dificultade para incorporarse no seu traballo como administrativo o tremor intencional que presenta nas súas mans. Cal das seguintes actuacións NON se corresponde cunha adaptación do posto de traballo?

- A) Instalación dun rato lastrado con peso.
- B) Utilización dun teclado de computador con baixa sensibilidade.
- C) Utilización dunha correa de pulso lastrada para o control do tremor.
- D) Adaptación dun apoio para os pulsos no teclado do computador.

91. María José atópase recuperándose dunha operación de cancro de mama. Durante o proceso de recuperación como terapeuta ocupacional:

- A) Deberás ter en conta unicamente os efectos provocados polo cancro.
- B) Existe unha contraindicación clara en relación ao uso do exercicio físico durante o proceso de recuperación, por aumentar o risco de linfedema.
- C) Debe priorizarse a inmovilización do lado afectado polo menos durante o mes posterior á intervención.
- D) O uso de estiramientos e exercicios serán fundamentais para restablecer a función do membro superior.

92. Tras administrar un Índice de Barthel a unha paciente, obtén un resultado de 80, que indica este resultado? Sinala a resposta correcta:

- A) Dependencia grave.
- B) Dependencia leve.
- C) Independencia.
- D) Dependencia moderada.

93. Ao elixir unha actividade significativa para un paciente, cando temos en conta o seu nivel educativo, estamos a atender ás súas demandas a nivel:

- A) Persoal.
- B) Social.
- C) Temporal.
- D) Emocional.

94. Intervimos cun paciente que se atopa no nivel cognitivo 3 segundo o modelo de Allen, que tipo de actividades traballariamos desde terapia ocupacional?

- A) Xogos motores grosos, baile e movementos con ritmos.
- B) Tarefas de varios pasos.
- C) Tarefas simples e repetitivas.
- D) Tarefas concretas de varios pasos.

95. O noso paciente presenta unha hemisección da medula espinal, dicimos que ten unha síndrome:

- A) Brown-Séguar.
- B) Medular posterior.
- C) Medular anterior.
- D) Dupuytren.

96. Con respecto ao consentimento informado, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Debe realizarse por escrito nos casos de intervencións cirúrxicas e procedementos diagnósticos invasivos.
- B) Efectuarase un documento de consentimento por cada suposto.
- C) No caso de que o paciente manifeste a súa vontade de non ser informado, deberá deixarse constancia documentada desta renuncia na historia clínica.
- D) A persoa afectada non pode revogar libremente o seu consentimento.

97. Sinala que intervención é correcta en terapia ocupacional cun neno de 10 anos con Duchenne cuxa evolución é a habitual:

- A) Intervención para manter a autonomía nos desprazamentos medios – longos, con adestramento de uso dunha cadeira de rodas eléctrica.
- B) Intervención para potenciar as habilidades motoras dos membros superiores e inferiores, con práctica deportiva non adaptada.
- C) Intervención para facilitar a independencia nas actividades cotiás e escolares co uso dunha férula de "rancho dos amigos".
- D) Intervención para favorecer a atención escolar a domicilio permanente para evitar atrasos da aprendizaxe.

98. Indique o enunciado correcto relacionado coa intervención da terapia ocupacional con persoas con patoloxía dual:

- A) A falta de conciencia da enfermidade dalgún dos trastornos, aumenta a adherencia e a continuidade terapéutica.
- B) Os obxectivos de intervención a curto prazo deben ser concretos e alcanzables, favorecendo a motivación e a participación.
- C) A relación terapéutica e a implicación da familia non son relevantes na intervención.
- D) A intervención desde terapia ocupacional debe centrarse sempre no trastorno mental, obviando a adicción.

99. Sinala o enunciado correcto relacionado cos produtos de apoio á mobilidade e ao transporte:

- A) Para indicar unha cadeira de rodas manual controlada polo usuario, debemos avaliar previamente as habilidades e destrezas cognitivas do usuario.
- B) Para indicar a altura do repousapés dunha cadeira de rodas motorizada, é necesario que se separe do chan 2 centímetros.
- C) O ancho dunha cadeira de rodas para unha usuaria de 55 anos debe ser o mesmo que o seu contorno pélvico.
- D) Ao indicar unha cadeira de rodas manual a un usuario destro de 42 anos con hemiplexía dereita espástica, colocaremos o dobre aro sempre polo seu lado dominante.

100. Indique que intervención está indicada na fase protésica do membro superior:

- A) Adestramento de habilidades e destrezas para as actividades cotiás co membro protésico.
- B) Adestramento en actividades para fortalecer a musculatura residual do pescozo e brazo afectado.
- C) Técnicas ocupacionais para desensibilizar e fortalecer o coto e adestramento nos coidados do mesmo.
- D) Adestramento do uso do coto como apoio nas actividades bimanuais.

101. Indique o enunciado correcto relacionado cos produtos de apoio para a mobilidade e o transporte:

- A) Na fase aguda da recuperación dunha persoa con hemiplexía esquerda fláccida, debemos adestrar no uso dunha cadeira de rodas motorizada con dobre aro.
- B) A altura do respaldo dunha cadeira de rodas manual non é relevante para un mozo de 28 anos cunha lesión do tipo L1 ASIA A.
- C) O ancho total dunha cadeira de rodas está condicionado polo tipo de repousabrazos necesario e pola selección da propulsión da mesma.
- D) O ancho do asento dunha cadeira de rodas manual non pode ser maior que o ancho das cadeiras do usuario en bipedestación.

102. Derivan á consulta a un neno de 8 anos coa indicación terapéutica de estimular e explorar o xogo segundo a súa etapa de desenvolvemento. De acordo coa teoría de Piaget, atendendo á idade, en que estado evolutivo atoparíase o neno:

- A) Estadio preoperacional: xogo simbólico.
- B) Estadio sensoriomotor: xogo funcional.
- C) Estadio simbólico: xogo de regras.
- D) Estadio das operacións concretas: xogo de regras.

103. Tras administrar a escala Lawton e Brody a un home de 83 anos cuxo perfil ocupacional indica que nunca realizara tarefas do fogar, obtén unha puntuación de 5, que indica este resultado? Sinala a opción correcta:

- A) Dependencia total.
- B) Independencia.
- C) Dependencia moderada.
- D) Dependencia leve.

104. Como terapeuta ocupacional formas parte do equipo de traballo para valorar a adecuación do edificio no que traballas á normativa de accesibilidade. Segundo a Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, os ascensores no teu edificio deben cumprir as seguintes características:

- A) As portas serán automáticas, cun zócolo de 40 cm e deixarán un paso libre, como mínimo, de 0,80m.
- B) As portas serán automáticas, cun zócolo de 50 cm e deixarán un paso libre, como mínimo, de 0,80m.
- C) As portas serán automáticas, cun zócolo de 40 cm e deixarán un paso libre, como mínimo, de 0,85m.
- D) Non é necesario que as portas sexan automáticas, sempre e cando que teñan un zócolo de 40 cm e deixen un paso libre, como mínimo, de 0,85m.

105. Sinale o enunciado correcto relacionado coa intervención de terapia ocupacional en persoas con trastornos da conduta alimentaria:

- A) A avaliación das actividades instrumentais da vida diaria nunha persoa con bulimia nerviosa, adoita mostrar alteracións derivadas do exceso de responsabilidade no coidado dos outros, así como perfeccionismo e orde excesivos nas tarefas do fogar.
- B) A avaliación das actividades instrumentais da vida diaria nunha persoa con anorexia nerviosa, adoita mostrar desorganización nas tarefas do fogar e falta de constancia en hábitos e rutinas implicados nas ditas actividades.
- C) A avaliación das actividades instrumentais da vida diaria nunha persoa con anorexia nerviosa, adoita mostrar alteracións derivadas do exceso de responsabilidade no coidado dos outros, así como perfeccionismo e orde excesivos nas tarefas do fogar.
- D) A avaliación das actividades básicas dunha persoa con bulimia nerviosa adoita mostrar que mantén uns hábitos estritos de aseo persoal e hixiene e unhas rutinas sistemáticas, buscando o perfeccionamento no vestido e na alimentación.

106. Tras administrar a escala FIM a un paciente, obtén unha puntuación de 5 na área de alimentación, que indica este resultado? Señala a opción correcta:

- A) Indica que precisa supervisión durante a actividade de alimentación.
- B) Indica que precisa axuda durante o 50% do desempeño da actividade de alimentación.
- C) Indica que é completamente independente na actividade de alimentación.
- D) Indica que precisa de axuda mínima durante un 25% da actividade de alimentación.

107. Se estamos a traballar no noso departamento de Terapia Ocupacional cun paciente que, segundo o Modelo Cognitivo de Allen, ten un nivel de execución 4, que debemos ter en conta en relación á contorna?

- A) Organizar a sala eliminando elementos distractores e apoiar o desempeño presentando só os elementos necesarios para a tarefa.
- B) Neste nivel, proporcionar obxectos familiares para realizar actividades manipulativas.
- C) Facilitar elementos que proporcionen moita información táctil.
- D) Preparar a contorna o máis orientada posible á exploración e elección.

108. O noso paciente presenta unha lesión medular completa a nivel C7, sinale a correcta:

- A) Non presenta movementos en pulso e dedos que permitan a función de agarre.
- B) Pode presentar hipotensión postural por falta de retorno venoso.
- C) Non hai función manual de agarre.
- D) O torso necesita ser estabilizado na cadeira.

109. Sinale a intervención correcta de terapia ocupacional nun neno de 6 anos con Duchenne cuxa evolución é a habitual:

- A) Intervención para a independencia nos desprazamentos, coa indicación de cadeira de rodas eléctrica para desprazamentos polo interior de casa.
- B) Intervención coa familia e o neno, adestramento de transferencias e actividades cotiás con técnicas de conservación de enerxía, mantemento e potenciación motora.
- C) Intervención coa escola, indicando que se evite toda actividade desde a clase de educación física, para evitar tropezos ou caídas.
- D) Intervención con adaptacións para facilitar a función, coa elaboración da férula de Kleinert para o membro superior dominante.

110. En relación ao Sistema de notificación e rexistro de incidentes e eventos desenvolto polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social como parte da Estratexia de seguridade do paciente para o Sistema Nacional de Saúde (SiNASP), que queda excluído de rexistrar no sistema?

- A) Incidentes relacionados coa seguridade que non chegaron ao paciente.
- B) Incidentes que si chegaron ao paciente pero non causaron dano.
- C) Eventos adversos que produciron dano ao paciente.
- D) Infraccións graves con implicacións legais obvias.

